

Cultura e a Asociación de Escritoras e Escritores en lingua galega renovarán a súa colaboración

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, comunicoulle hoxe ao presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) a súa vontade de renovar a colaboración que ambas as dúas entidades veñen mantendo para apoiar a actividade desta asociación. Non en balde, a AELG ven recibindo unha achega anual de 21.000 euros ao abeiro dos convenios asinados coa Consellería.

Na reunión mantida cos representantes da asociación participaron tamén os secretarios xerais de Cultura, Anxo Lorenzo, e de Política Lingüística, Valentín García.

